



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MIÑO

*Elaboración y aprobación de ordenanzas y reglamentos. Reglamento escuela infantil*

#### **ANUNCIO APROBACIÓN INICIAL DO “REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL “A CEBOLIÑA” DO CONCELLO DE MIÑO”**

O Concello de Miño organiza a súa Escola infantil para garantir un acceso a uns servizos de educación e coidados de calidade na primeira infancia, convencido de que a súa intervención neste contexto constitúe o fundamento esencial para o éxito na aprendizaxe dos menores, na súa integración social, desenvolvemento persoal e futuro laboral, ademais de permitir ás familias unha maior conciliación entre a responsabilidade familiar e laboral, que lles facilite unha mellor empregabilidade.

Se conseguimos entre os/ as profesionais participantes neste proceso, que os/ as menores pertencentes á primeira infancia do noso pobo, en especial, aqueles procedentes de contornas desfavorecidas, adquiran unha base sólida que garanta que a súa aprendizaxe posterior sexa máis eficaz e continuo ao longo da súa vida, estaremos a reducir as posibilidades de abandonar os estudos de forma prematura e, ademais, estaremos a reducir o custo para a sociedade en forma de talento perdido e de gasto público nos sistemas sociais, sanitarios e, mesmo, xudiciais.

Segundo consta nos antecedentes administrativos deste concello en sesión ordinaria do pleno do Concello de Miño de 13 de agosto de 2004 aprobouse inicialmente o “Regulamento de réxime interno da escola infantil municipal do Concello de Miño” (BOP núm. 214 de 15.09.2004).

En sesión plenaria de 15 de abril de 2005 foi aprobada a modificación do “Regulamento de réxime interno da escola infantil municipal do Concello de Miño”, publicándose o anuncio no BOP núm. 102 de 06.05.2005.

En sesión plenaria de 18 de xuño do 2020 foi aprobada inicialmente unha nova modificación do “Regulamento de réxime interno da escola infantil municipal do Concello de Miño” durante o trámite de exposición pública, non se presentaron alegacións polo que de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, enténdese definitivamente aprobada a citada modificación, publicándose íntegramente no BOP nº 184 do 2 de novembro de 2020.

Con data 11.06.2025 a traballadora social municipal asina proxecto de Regulamento de réxime interior da escola infantil municipal “A Ceboliña” do Concello de Miño.

Con data 11.06.2025 emitíuse informe polo secretario acctal. municipal.

Entendendo que é necesario un cambio máis amplo para adaptalo ás normativas de aplicación reformándoo no seu articulado e actualizándoo nos obxectivos para alcanzar, de conformidade co establecido no artigo 7.1.b) do Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos programas e dos centros de servizos sociais, esta Alcaldía-Presidencia á vista do mesmo propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos xerais a adopción dos seguintes

#### **ACORDOS**

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente, segundo dispón o artigo 49 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o “Regulamento de réxime interior da escola infantil municipal “A Ceboliña” do Concello de Miño”, nos termos que figuran no expediente.

**Segundo.-** Someter dita aprobación inicial do Regulamento a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxerencias, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxerencias no mencionado prazo, considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno, debendo ser remitido para o seu visado definitivo polo servizo de Inspección de Familia e Menores da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia con carácter previo a súa publicación definitiva no BOP da Coruña.

Simultaneamente, publicar o texto da modificación da Ordenanza municipal no portal web do Concello <https://concello-demino.gal>.

**Terceiro.-** Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

En Miño, 23 de xuño do 2025

O alcalde,

Asdo.- Manuel Vázquez Faraldo

2025/4626